

III CICLO DE CONCERTOS

NOITES NA CIDADE VELLA

13 de setembro ao
12 de outubro de 2024

fundación
Rogelio groba



Ao xeito de limiar

Coa chegada da noite, a Cidade Vella transfórmase no escenario dun evento cultural especial: a terceira edición do ciclo de concertos “Noites na Cidade Vella”. Este ciclo non só celebra a música, senón tamén o legado dun dos grandes embaixadores culturais de Galicia, Rogelio Groba.

Organizado pola Fundación Rogelio Groba, este ciclo é moito máis ca un simple evento no calendario cultural. A Fundación, institución única en Galicia, leva máis de vinte anos dedicada á monumental tarefa de catalogar, protexer e difundir a obra dun dos compositores e intelectuais máis destacados do século XX no país. Ao longo deste tempo, non só se preservou o valioso legado de Rogelio Groba Groba, senón que a música clásica universal e as creacións de compositores galegos destacados chegaron a todos os recunchos de Galicia e alén das súas fronteiras.

A Orquestra de Cámara Galega, orquestra residente desde a primeira edición, é a principal embaixadora da música do mestre Rogelio Groba. Xunto co Ensemble da Fundación Groba, ambas formacións, dirixidas por Rogelio Groba Otero, levan anos traballando para achegar o legado do compositor a públicos de todo o mundo.

Nesta terceira edición, “Noites na Cidade Vella” contará tamén con concertos de cámara e recitais protagonizados por artistas de renome. O Trío Ravel, formado por Dobrochna Banaszkiwicz (violín), Suzana Stefanović (cello) e Héctor J. Sánchez (piano), e o trío de cordas Concerto 1700, baixo a dirección do violinista David Pinteño, aportarán a súa experiencia e talento internacional.

Contaremos co Dúo Indigo que realizará o tradicional concerto familiar, o xoven talento Álvaro Sieira Ferreira ao piano, a clavecinista mundialmente famosa Maude Gratton, e o prestixioso dúo de cello e piano, formado por David Finckel e Wu Han. Estes artistas ofrecerán unha serie de concertos que destacarán a riqueza e diversidade da música de cámara, continuando coa misión cultural da Fundación Rogelio Groba.

Benvidos a “Noites na Cidade Vella”, unha celebración da nosa música, da nosa historia e da nosa memoria, poñendo en valor unha fermosa parte do noso patrimonio urbano e cultural.



A close-up, low-angle photograph of the tailpiece and fine tuners of a violin. The instrument is made of dark wood and is set against a warm, blurred background of orange and yellow light. The fine tuners are black and have a rounded, dome-like top. The text "PROGRAMA" is centered over the image in a white, sans-serif font, flanked by two small white squares.

■ PROGRAMA ■

13 setembro | 20:00 h.
FUNDACIÓN LUIS SEOANE
ENSEMBLE DA FUNDACIÓN GROBA

Trío para violín, violonchelo e piano.

Enrique Granados (1867-1916)

- I. Poco allegro con espresione
- II. Scherzetto
- III. Duetto. Andante con molto espresione
- IV. Finale. Allegro molto

Presamarcos.

Rogelio Groba (1930-2022)

Ciclo etnográfico Galicia anterga

- I. Foliada
- II. Cantiga
- III. Muiñeira
- IV. Alalà
- V. Pandeirada

Nerios.

Rogelio Groba (1930-2022)

Ciclo etnográfico Galicia anterga

- I. Foliada
- II. Cantiga
- III. Muiñeira
- IV. Alalà
- V. Pandeirada

Rogelio Groba Otero · violín

Alba Reiris · cello

Gema Arias · piano



14 setembro | 20:00 h.

AUDITORIO SEDE AFUNDACIÓN A CORUÑA

TRIO RAVEL

Trío en re menor, op.120.

Gabriel Fauré (1845-1924)

- I. Allegro, ma non troppo
- II. Andantino
- III. Allegro vivo

Trío nº 2 en mi bemol maior, D.929.

Franz Schubert (1797-1828)

- I. Allegro
- II. Andante con moto
- III. Scherzo: Allegro moderato
- IV. Allegro moderato

Dobrochna Banaszekiewicz · violín

Suzana Stefanović · cello

Héctor J. Sánchez · piano



19 setembro | 20:30 h.
IGREXA DAS CAPUCHINAS
CONCERTO 1700

Trío No. 4 en sol menor

José Castel (1737-1807)

- I. Allegretto Gratoso
- II. Andante Largo
- III. Rondeau
- IV. Menuetto. Andantino.

Trío No. 2 Op. 34 G.102 en Sol Maior

Luigi Boccherini (1743-1805)

- I. Allegretto como assai
- II. Minuetto - Trio
- III. Adagio
- IV. Rondeau. Allegro ma non presto

Trío No. 3 en Mi bemol Maior

José Castel (1737-1807)

- I. Allegretto Gratoso
- II. Larghetto
- III. Allegro

Trío No. 6 L108 en Re Maior

Cayetano Brunetti (1744-1798)

- I. Allegro
- II. Larghetto
- III. Allegro non molto (Il cucù, la gallina, la quaglia e il rosignolo)

Daniel Pinteño · violín & director artístico

Fumiko Morie · violín

Ester Domingo · violonchelo



21 setembro | 12:00 h.
MUSEO DE BELAS ARTES
DÚO INDIGO

Concerto familiar

O Quebranos. Selección.

Pyotr Ilyich Tchaikovsky (1840 – 1893)

- I. Obertura en miniatura
- II. Marcha
- III. Danza da Fada de Azucre
- IV. Danza Rusa (Trepak)
- V. Danza Árabe: danza do café
- VI. Danza china: danza do té
- VII. Danza dos mirlitoes
- VIII. Vals das flores

Gema Arias · piano

Vincent Tohier · piano



21 setembro | 20:00 h.
IGREXA DE SANTA LUCÍA
ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Passacaglia

G. F. Haendel / S. Aslamazyan

Andante-Allegro D 9

F. Schubert 1797 – 1828

Sinfonía nº 10

F. Mendelssohn 1809 – 1847

Little Serenade en sol maior op. 12

Lars Erick Larsson 1908 - 1986

V. Allegro

VI. Adagio cantábile

VII. Allegro vivace

VIII. Allegro

Divertimento

R. Groba Otero 1972

IV. Allegro pesante

V. Adagio

VI. Allegro



26 setembro | 20:00 h.

PARANINFO DO RECTORADO DA UDC

ÁLVARO SIEIRA FERREIRA

Op. 118.

J. Brahms (1833 - 1897)

N.º 1 Intermezzo: Allegro non assai, ma molto appassionato.

N.º 2 Intermezzo: Andante teneramente.

N.º 3 Ballade: Allegro energico.

N.º 4 Intermezzo: Allegretto un poco agitato.

N.º 5 Romance: Andante.

N.º 6 Intermezzo: Andante, largo e mesto.

Sonata en si m S.178

Franz Liszt (1811 - 1886)



3 outubro | 20:00 h.
CAPITANÍA GENERAL
MAUDE GRATTON

Louis Couperin

Prélude non mesuré

Johann Jacob Froberger

Toccatà

Canzona

Matthias Weckmann

Toccatà

Canzona

Louis Couperin

Suite (Allemande - Courante - Sarabande - Gigue)

Passacaille

Johann Sebastian Bach

Préludes & Fugues extrait du Clavier Bien Tempéré

Wilhelm Friedemann Bach

Polonaise

Fugue

Polonaise

Fugue

Fantaisie



6 outubro | 20:00 h.

TEATRO COLÓN

DAVID FINCKEL e WU HAN

Viaxe beethoviano

Ludwig van Beethoven (1770 – 1827)

12 Variacións sobre un tema de Judas Maccabeus WwO
545 para cello e piano

Sonata en sol menor para cello e piano, Op. 5 N° 2

Adagio sostenuto ed espressivo
Allegro molto più tosto presto
Rondo. Allegro

Sonata en La Maior para cello e piano Op. 69

Allegro, ma non tanto
Scherzo. Allegro molto
Adagio cantabile - Allegro vivace



12 outubro | 20:45 h.

IGREXA DOS DOMINICOS

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rondeau from Abdelazer

H. Purcell 1659 – 1695

Divertimento en Fa Mayor kv 138

W.A.Mozart 1756 - 1791

- I. Allegro
- II. Andante
- III. Presto

Suite para orquesta

L. Janacek 1854 – 1928

- I. Moderato
- II. Adagio
- III. Andante con moto
- IV. Presto
- V. Adagio
- VI. Andante

Danzas galansesas

R. Groba 1930 – 2022

- I. Antífona
- II. Danza de arquiños
- III. Danza de castañolas
- IV. Danza de cintas
- V. Danza de palicroques





DOSIER
ARTISTAS

ENSEMBLE DA FUNDACIÓN GROBA

www.fundación.rogeliogroba.es

Rogelio Groba Otero, violín

Alba Reirís, cello

Gema Arias, piano



O Ensemble Groba é unha formación dinámica que nace á vez que a Fundación Rogelio Groba, no ano 2002 co obxectivo de difundir e promover a música composta polo mestre Groba para distintas formacións camerísticas. Por esta razón, é una formación dinámica, porque pode estar formada por diferentes intérpretes con distintos instrumentos.

Nesta ocasión o director – concertino da Orquestra de Cámara Galega, Rogelio Groba Otero, estará acompañado pola principal de cello da OCGA, Alba Reirís, ponteareana formada en conservatorios galegos, realiza os estudos superiores no Conservatorio Superior de Aragón e finaliza a maestría en Mons, Bélxica, tutelada polo recoñecido violonchelista David Cohen. Forma parte da OCGA desde o ano 2013 e colabora coa Rioja Filarmonía.

No piano, Gema Arias, integrante da OCGA desde 2014,

formouse en Galicia e no Conservatorio Real de Bruxelas realizou os estudos Superiores baixo a tutela de Domini- que Cornil. Forma parte do Dúo Índigo, especializado en concertos pedagóxicos e familiares.

TRIO RAVEL

Violín – cello – piano

Dobrochna Banaszkiwicz, violín

Suzana Stefanoviz, cello

Hector. J. Sánchez, piano



O TRÍO RAVEL nace en 2015 froito da colaboración espontánea, que xorde a raíz dun ciclo de cámara da Orquestra Sinfónica de RTVE, de tres músicos con formacións e experiencias moi diferentes:

Dobrochna Banaszkiwicz, violinista nacida en Częstochowa (Polonia) e formada na Academia Superior de Música de Poznań, onde realiza os seus estudos co profesor Bartosz Bryła. Posteriormente continúa a súa formación con José Luis García Asensio durante a súa estancia na Escola Superior de Música Reina Sofía, ampliando os seus coñecementos con profesores como



Reiner Schmidt (Cuarteto Hagen), Walter Levin, Giuliano Carmignola ou Zakhar Bron. A súa actividade profesional levouna a actuar en diversas cidades de Polonia, Eslovenia, Alemaña, Ucraína e España. Dobrochna actuou como solista coa Orquestra Filarmónica de Czesłochowa e a Xove Orquestra de Eslovenia, e varias das súas actuacións foron difundidas pola Radio Nacional Polaca, a Radio Nacional de Eslovenia, e Radio Nacional de España (Radio Clásica). Actualmente é profesora da Orquestra Sinfónica de RTVE.

Suzana Stefanović, violonchelista da antiga Iugoslavia que recibe nos Estados Unidos as ensinanzas directas do mestre Janos Starker, pasando despois a ser a súa asistente na Escola de Música de Indiana, en Bloomington. Suzana gañou numerosos premios e tocado como solista coas orquestras filarmónicas de Belgrado, Zagreb, Saraxevo, Skopje, cos Solistas de Zagreb, a Orquestra Cidade de Barcelona, a Sinfónica da RTVE, baixo a dirección de Decker, Comissiona, Dešpalj, Nosedá, Ben-Dor e outros. Reside en España desde 1988, cando se incorpora como axudante de solista da Orquestra Cidade de Barcelona, e en 1991 gaña a praza de solista da Orquestra Sinfónica de Radio Televisión Española. Ademais, Suzana dedicou gran parte do seu tempo á ensinanza, como profesora en varios conservatorios e escolas e como convidada para formar a mozos orquestras españolas (a Xove Orquestra Nacional de España ou a Xove Orquestra de Andalucía, entre outras). Toca un violonchelo de Mario Gadda.

Héctor J. Sánchez, pianista español formado por Almuena Cano, en Madrid, e Boris Berman, nos Estados Unidos, de quen herda un estilo pianístico baseado na intensidade e integridade emocional das interpretacións. A súa versatilidade levouno a actuar, como solista e músico de cámara, en importantes salas, festivais e cursos de España, Italia, Polonia, Alemaña, Inglaterra, Estados Unidos, Canadá e México. Héctor complementa a súa actividade artística coa súa vocación pola ensinanza: tras 14 anos transmitindo a súa paixón pola música de cá-



mara no Conservatorio Superior de Música de Castela e León, recalca en 2019 no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, onde continúa impartindo a mesma disciplina. Héctor é Doutor en Música pola Universidade de Yale, onde recibiu clases maxistras de personalidades como Alicia de Larrocha, Leon Fleisher, Murray Perahia, Rosalyn Tureck, o Trio Beaux Arts ou o Cuarteto Tokio.

Aínda que a experiencia individual de cada un deles levounos a numerosos países e salas de concertos de varios continentes, a raíz daquela primeira colaboración decidiron explorar a súa común afinidade cara a unha forma cálida, respectuosa, sinxela e emocionante de facer música de cámara, fundando así o TRÍO RAVEL. Desde entón participaron en varios ciclos de cámara da Orquestra Sinfónica de RTVE e ofreceron concertos en outros espazos dentro e fóra de España, ampliando o seu repertorio.

CONCIERTO 1700

Trío de corda

David Pinteño – violín



Fundado en 2015 polo violinista Daniel Pinteño, Concerto 1700 aspirou desde o seu inicio á recuperación e difusión do patrimonio musical hispano dos séculos XVII



e XVIII. Para levar a cabo o seu proxecto artístico, utiliza instrumentos de época orixinais, así como un rigoroso estudo musicolóxico da práctica interpretativa da época que lle permite alcanzar o son auténtico do barroco.

Concerto 1700 é unha agrupación de formación variable, que abrangue desde o trío ata a orquestra barroca. Esta versatilidade permítelle abarcar calquera repertorio do barroco sen perder un ápice da súa personalidade específica, baseada no minucioso traballo do son de conxunto e a adecuación estilística. Con todo, o interese das súas interpretacións non radica na mera recreación do pasado, senón na súa vontade de xerar unha experiencia que resulte estimulante para o público de hoxe en día.

Nos seus sete anos de traxectoria, conseguiu posicionarse como unha das formacións máis relevantes do panorama historicista de España, actuando en algúns dos festivais e salas de maior prestixio, como o Universo Barroco do CNDM no Auditorio Nacional de España, o Festival Internacional de Música e Danza de Granada, o Festival Internacional de Santander, a Quincena Musical de San Sebastián, Otoño Musical Soriano, Festival de Música Española de Cádiz, Festival de Música Antigua de Aranjuez, Festival Internacional de Música de Úbeda e Baeza, e a Fundación Juan March, entre outros.

Coa intención de estender o seu compromiso coa divulgación do repertorio barroco hispano, en 2018 funda o seu propio selo discográfico, 1700 Classics. Desta forma, conserva plena autonomía sobre o resultado musical e artístico das súas gravacións sempre dedicadas a obras inéditas do século XVIII español. Todas as súas publicacións teñen colleitado un gran éxito de crítica nas principais revistas especializadas, recibindo a cualificación de Disco Excepcional de Scherzo, Disco Recomendado de Ritmo, Disque classique de le jour de France Musique así como nominacións aos ICMA Awards.

A pasada tempada 22/23 foi grupo residente do Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) cunha xira de con-



certos que contou con actuacións no Auditorio Nacional de Música (Madrid), o Auditorio Fonseca de Salamanca, o Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo, o Auditorio Cidade de León, o Espazo Turina de Sevilla, o Palau de Les Arts de Valencia e St. John's Smith Square dentro da programación do London Festival of Baroque Music.

Este ano 2024 inaugurou o ciclo de cámara de Patrimonio Nacional, tocando un concerto público no Palacio Real cos Stradivarius decorados das Coleccións Reais.

DUO INDIGO – PIANO

Gema Arias -piano

Vincent Tohier - piano

www.gemaarias.com

www.vtohiercomposer.com



O Dúo Indigo está formada pola pianistas Gema Arias Varela e Vincent Tohier. Nos últimos anos, o seu labor pianística centrouse na elaboración dun repertorio cun claro obxectivo: fomentar a asistencia do público máis novo aos concertos de música clásica. Tras actuar en diversas salas e festivais en Bruxelas, nos cales o dúo ato-



pou as súas primeiras orixes, o dúo profesionalízase en España, a súa actual residencia. De orixes diversas (España e Francia), aínda que formados no Real Conservatorio de Bruxelas baixo a tutela de Dominique Cornil, o dúo Índigo conta cunha ampla formación pianística, finalizando ambos o seu Máster en Interpretación Pianística con gran distinción. Os seus dous integrantes contan igualmente con grandes recoñecementos a nivel individual, como o 1º Premio no Concurso de Solistas do Real Conservatorio de Bruxelas, o Premio de Patrimonio Gerofi-Baschwitz de Bruxelas, o Premio Gian-Claudio Chiais de Roma, ou a Bolsa de Música de Cámara Horlait Dap-sens, entre outros.

A súa actividade concertística produciuse fundamentalmente en Europa: Francia, España, Bélxica, Portugal, Suíza, Austria e Italia. En 2020, o dúo funda Pianoma, a primeira escola de música en liña internacional en Europa, que conta na actualidade con alumnos de máis de 20 nacionalidades e 4 continentes. A clara inclinación pedagóxica dos seus integrantes, levoulles recibir o Premio á Innovación Educativa no ano 2022, entregado pola asociación de xornalismo social Pestudio, e o terceiro premio a unha dos seus integrantes, Gema, como Mellor Docente en Educación Non formal en España de Fundación ABANCA, en 2024.

Vincent combina a súa actividade pedagóxica coa de compositor, colaborando activamente como formador coa prestixiosa Vienna Symphonic Library. Tanto Gema como Vincent son grandes defensores da música como ferramenta de cambio social. Por esta razón, o dúo participa asiduamente na organización de recitais en defensa dos dereitos da infancia, e traballa con asociacións como a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia e o Programa Solidario da Sede de Afundación.

Este enfoque interdisciplinar da música levoulles a unificar, nos seus recitais, a interpretación musical con aspectos escenográficos e teatrais, creando historias



emocionantes e cativadoras que funcionan como fíos condutores do amplo repertorio, aínda a descubrir, para piano a 4 mans. Nos seus últimos proxectos, "O Carnaval dos Animais" e "O neno escondido entre notas", o dúo creou un nexo de unión entre a música francesa e española, onde a pedagogía, xogando sempre un papel fundamental, permitiulles conectar de maneira exitosa con todo tipo de audiencias. Ambos foros representados no ciclo de concertos Noites na Cidade Vella, na Coruña, organizado pola Fundación Rogelio Groba.

ÁLVARO SIEIRA FERREIRA

Piano



Álvaro Sieira Ferreira (1 de marzo de 1993. Boiro, A Coruña). Comeza os seus estudos pianísticos aos 7 anos no conservatorio profesional de Ribeira con Enrique Paisal. En 2019 gradúase en interpretación pianística no conservatorio superior da Coruña. É discípulo de Martín Mi-



Ilán Torrado, a quen considera o seu mentor, pois tivo e ten unha influencia que transcende ao musical. Ofreceu concertos por toda España coas obras para piano máis representativas dos grandes compositores: León (Fundación Euterpe), Santiago de Compostela (Auditorio do Edificio Fontán, Cidade da Cultura), Madrid (Madrid Music Hall), Ourense (Liceo Ourense, CMUSOU, Conservatorio Karl Nielsen), Vigo (Conservatorio Superior), A Coruña (Conservatorio Superior), Braga (Museo Nogueira da Silva), Palencia (Fundación Díaz Caneja), e noutras cidades tanto dentro como fóra de España, como Oviedo, Alacante, Barcelona ou Londres. Tamén destaca a súa interpretación do concerto para piano e orquestra número 3 de Beethoven como solista, coa Banda de Cámara de Arousa (Auditorio Municipal de Vilagarcía).

MAUDE GATTON

Clave



Nada en 1983, Maude Gratton é apaixonada desde moi nova polos teclados antigos e por unha ampla variedade de repertorios. Os seus primeiros pasos levárona aos

cinco anos cara ao cravo e uns anos máis tarde cara ao gran órgano. Tamén fascinada rapidamente polo clavicordio, é de maneira natural que comeza a explorar cara aos vinte anos o mundo múltiple dos pianos antigos.

Desexosa de crear un espazo onde a música poida florecer libremente, Maude funda o conxunto il Convito en 2005 sobre bases de cámara con Claire Gratton ao seu lado. O conxunto vive de maneira independente durante dez anos, guiado por un Premio "Déclic" outorgado por Cultures France e Radio France en 2007. En 2015, co apoio de varios amigos músicos, il Convito establece en La Rochelle: a estrutura é oficialmente creada.

Comprometida na reflexión sobre o compartir da música e das Artes, Maude fundou e dirixe como directora artística varios proxectos en Francia, Rexión Nouvelle-Aquitaine: o festival Musiques en Gâtine que se converteu no MM Festival (Festival de Música en Movemento en La Rochelle), a Tempada do MM, a Orquestra do MM.

Maude Gratton é membro do Collegium Vocale Gent dirixido por Philippe Herreweghe e toca regularmente ao lado de músicos como Bruno Cocset & Les Basses Réunies, Philippe Pierlot

& Ricercar Consort, Damien Guillon & Le Banquet Céleste, Romina Lischka & Hathor Consort, Pierre Hantaï, Sophie Gent, Ageet Zweistra, Claire Gratton. Desde 2018, é convidada polo coreógrafo Noé Soulier na creación Faits et gestes. Ensina desde 2011 no Vannes Early Music Institute (dir. Bruno Cocset).

Gravou varios discos para o selo Mirare: Wilhelm Friedemann Bach (Concertos para cravo & cordas, Obras para cravo & clavicordio), Georges Onslow (Sonatas para violonchelo & pianoforte co violonchelista Emmanuel Jaques), Beethoven (Sonatas para violín & pianoforte co violinista Baptiste Lopez). Tamén gravou para o selo Phi – Outhere music (Obras para órgano de Leipzig de Bach), participou como solista en varias gravacións con Le Ban-



quet Céleste (Bach), Ricercar Consort (Bach, Weckmann, Biber), Les Basses Réunies (Vivaldi, Ortiz, Beethoven), Ed- ding Quartet (Beethoven), Les Siècles (Martin Matalon).

Entre os próximos lanzamentos, un disco solo dedicado á música veneciana (de Cavazzoni a Merula), así como a primeira gravación de il Convito en orquestra co convidado Pierre Hantaï en torno aos Dobres Concertos para cravo(s) e pianoforte dos fillos de Bach.

Maude é graduada do Conservatorio Nacional Superior de Música de París en cravo, órgano, baixo continuo, contrapunto renacentista. Gañou en 2003 o 2º Premio no Concurso Internacional de Órgano de Bruxas e foi nomeada Xove Solista 2006 das Radios Francófonas Públicas.

DAVID FINCKEL E WU HAN

www.davidfinckelandwuhan.com

Violoncello – piano



David Finckel e Wu Han están entre os músicos clásicos máis estimados e influentes do mundo actual e recibiron o premio Músicos do Ano de Musical América, un dos

máis altos honores concedidos pola industria da música. A enerxía, imaxinación e integridade que achegan aos seus esforzos multifacéticos como concertistas, directores artísticos, artistas de gravación, educadores e emprendedores culturais son incomparables.

Os aspectos máis destacados da súa tempada 2019-20 inclúen un novo lanzamento en CD, un especial de televisión nacional de PBS, unha nova cita de residencia, un apretado programa de xiras internacionais, xunto con múltiples presentacións coa Sociedade de Música de Cámara do Lincoln Center (CMS) nos Estados Unidos, Taiwán e Colombia.

David Finckel e Wu Han están actualmente no seu terceiro mandato como directores artísticos da Chamber Music Society of Lincoln Center. Baixo a súa dirección, o CMS está celebrando tres iniciativas de transmisión global que levan a música de cámara a novas audiencias en todo o mundo, a través de asociacións con Medici TV, Radio Television Hong Kong e o canal de transmisión All Arts. David e Wu Han son os fundadores e directores artísticos de Music @ Menlo en Silicon Valley, e de Chamber Music Today, un festival que se celebra en Seúl, Corea do Sur. Wolf Trap nomeou a Wu Han como asesor artístico da súa serie de Música de Cámara nos Graneros, e nesta tempada, é Artista Residente da Universidade Estatal de Montclair.

Líderes da industria discográfica clásica, crearon Artist-Led en 1997, a primeira compañía discográfica clásica baseada en Internet e dirixida por músicos. David Finckel e Wu Han tamén supervisaron a creación do selo CMS Studio Recordings, a asociación da Sociedade con Deutsche Grammophon, a programación de transmisión en directo de CMS e Music @ Menlo LIVE, que foi eloxiado como "o proxecto de gravación máis ambicioso de calquera festival de música clásica no mundo" (San Jose Mercury News).

David Finckel e Wu Han recibiron eloxios universais polo



seu compromiso apaixonado de fomentar o crecemento artístico de innumerables artistas novos a través dunha ampla gama de iniciativas educativas. Baixo a súa dirección en CMS, o Programa Bowers identifica e atrae aos mellores artistas de cámara novos a todo o espectro de actividades de CMS.

Como Directores Artísticos de Music @ Menlo, o seu Instituto de Música de Cámara proporcionou a centos de estudantes experiencias musicais incomparables e inmersivas durante dezasete veráns. De 2009 a 2018, David Finckel e Wu Han dirixiron a Escola de Música de Cámara LG en Corea do Sur, que atendía a dúzias de mozos músicos anualmente, e tamén dirixiron un estudo intensivo de música de cámara no Aspen Music Festival and School.

A páxina web de David Finckel e Wu Han lanzou recentemente unha nova iniciativa que aborda os desafíos e oportunidades que enfrontan os intérpretes e presentadores de música clásica de hoxe. David Finckel e Wu Han residen en Nova York



ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

ORQUESTRA RESIDENTE

Dirección Rogelio Groba Otero

www.orquestacg.com

fundación
Rogelio groba



Foi fundada no ano 1995 polo seu director-concertino, Rogelio Groba Otero.

Durante os 29 anos de traxectoria artística, a Orquesta de Cámara Galega cumpre cun ambicioso plan de difusión, incluíndo repertorios novos e creación de novos públicos. A súa excelencia interpretativa permítelle abarcar un amplo repertorio, desde o barroco ata os nosos días, asumindo o compromiso de dar a coñecer a música de compositores galegos, cunha especial mención á obra do compositor Rogelio Groba Groba, quen é a súa principal ferramenta de difusión.

A Orquesta de Cámara Galega colabora con solistas de prestixio internacional como Teresa Berganza, Ara Malikian, Juan de Udaeta, José Ramón Méndez, José Núñez, José Luis Estellés, entre outros. Así mesmo, é a



orquestra residente do “Festival Groba”, celebrado anualmente en Ponteareas (España) e polo que pasaron notables artistas como os violinistas Guy Braunstein, Oyvind Gimse, Clara Yumi Kang, Jin Joo Le, Guillermo Figueroa, o flautista André Cebrián, Adriana Ferreira ou Jasmine Choi, o trompista David Fernández, trompetistas como Pacho Flores e Esteban Batallán, pianistas como Sunwook Kim ou Federico Colli ou chelistas como Kyril Zlotnikov o Anastasia Kobekina entre moitos outros.

A OCGA ofrece concertos nas principais salas españolas, destacando o Auditorio Reina Sofía de Madrid, Palau da Música de Barcelona, Sala Mozart do Auditorio de Zaragoza, Teatro da Real Maestranza de Sevilla, Teatro Jovellanos de Xixón, Palacio da Ópera da Coruña ou Auditorio de Galicia. A través das súas numerosas xiras actúan en Viena no “Spanien Modern Musikfestival”, Nova York no Merkin Hall da Fundación Kaufman, Buenos Aires no Teatro Metropolitan e Holanda, nas cidades de Utrech, Deventer, Amsterdam, Middleburg e De Doelen Auditorium de Róterdam, así como Italia, no Pazo Ducale de Xénova.

Durante 4 anos, participa do ciclo Atardecer do Gaiás de Santiago de Compostela, cun formato orixinal e gran éxito de público. Ademais dos habituais concertos por territorio galego, merece ser resaltada a súa colaboración en clausura do XXV Festival Internacional de Música de Vila Nova de Gaia coa gran Elisabeta Matos, a produción da ópera A Traviata en Forteventura e a produción multidisciplinar con teatro e danza Don Juan no inferno, para o Teatro Colón na súa cita anual do 31 de outubro. Colabora asiduamente coa Fundación Barrié da Coruña e a Fundación Niemeyer, en Avilés.

Unha das súas principais dedicacións, é a difusión de obra musical a través da gravación dos seus dez discos, así como rexistros en directo para TVE, RTVG e Radio Clásica. Cabe destacar o seu primeiro disco con música de Rakov, Elgar, Groba e Groba Otero, cualificado con 5



estrelas pola revista Amadeus; un monográfico do compositor R. Groba no selo Autor; dobre CD editado polo Centro de Documentación Musical da Junta de Andalucía co selo Alma Vivo coa primeira gravación mundial da ópera Don Quixote, no Teatro da Maestranza de Sevilla; recompilatorios de música de Rogelio Groba para libro-discos editados por Edicións Xerais ("Meditacións en branco e negro") e por Editorial Galaxia ("Diabolus in musica"); monográfico da obra romántico – jazzística do pianista, compositor e escritor, Quinto Mourelle, arranxado polo saxofonista e clarinetista Roberto So-moza; a primeira gravación mundial da obra "Polas rúas de Ponteareas" e "As rúas do vento ceibe", de R. Groba, en colaboración co Coro de Cámara de Pamplona, estrea mundial da Cantata inspirada no poema homónimo do poeta lucense Manuel María.

No ano 2020 a Fundación Rogelio Groba edita dous discos máis. De novo co Coro de Cámara de Pamplona interpretando a cantata para coro e orquestra "Rosalía na Catedral" e o último, rexistro do concerto homenaxe celebrado con motivo do 90 aniversario do mestre Groba no Teatro Colón da Coruña.

Durante o ano 2021 retoma os seus compromisos e realiza unha xira polas principais cidades galegas así como en diversos espazos galegos na Xira Xacobeá 2021 financiada pola Fundación Rogelio Groba en convenio coa Xunta de Galicia ou concertos organizados pola Deputación de Pontevedra ou como orquestra residente no Festival Groba e na Sociedade Filarmónica da Coruña.

Ademáis dos seus compromisos anuais, durante o ano 2022 leva a cabo o ciclo Xacobeo en Cámara, patrocinado pola Fundación "la Caixa" a través da Xunta de Galicia. No ano 2023 continua sendo a orquestra residente da presente edición do Festival Groba, así como na Sociedade Filarmónica da Coruña e no ciclo Noites na Cidade Vella.



ROGELIO GROBA OTERO

Director – Concertino

Director artístico Noites na Cidade Vella



Mente inquieta e creativa, Rogelio Groba Otero é o fundador, director e concertino da Orquestra de Cámara Galega desde hai máis de 29 anos. Desde entón, ademais de realizar múltiples concertos pola xeografía galega, dirixe e produce gravacións de máis de 10 discos. Participa na recuperación e estrea da ópera "Don Chisciotte", de Manuel García, así como o rexistro

realizado en directo no Teatro da Maestranza de Sevilla.

Como director da Orquestra de Cámara Galega actúa no Spanish Modern Festival de Viena, nunha exitosa xira por Arxentina e por Países Baixos. Dirixe a OCGA no seu debut en Nova York, no Merkin Concert Hall da Fundación Kaufman así como no Auditorio 400 do Museo Reina Sofía (Madrid), o Palau da Música (Barcelona), no Pazo Ducale de Xénova (Italia), entre outros.

Realiza gravacións para Radio Galega, TVG, TV3, TVE e RNE e ofrece concertos por Francia, Portugal, Austria, Gran Bretaña, Arxentina, Chile, Uruguai, Colombia e Ve-

nezuela. Durante máis de 20 anos, foi profesor da cátedra de violín e director da Orquestra Sinfónica do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Titulado Superior na especialidade de Violín polo Conservatorio Superior de Música da Coruña e en Música de Cámara polo Conservatorio Superior de Música de Oviedo, prosegue a súa preparación durante varios anos en Londres con Detlef Hann, profesor da Guidhall School of Music and Drama.



fundación

Rogelio groba



Concello da Coruña



Deputación
DA CORUÑA

A CULTURA É UN DEREITO
CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS, CULTURA PARA TODOS OS PRAZOS



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FUNDACIÓN



LUIS SEOANE



UNIDAD PASTORAL DE
SANTA LUCIA Y SAN PABLO



//Afundación
Obra Social ABANCA

TEATRO
COLÓN